



MINISTERIO  
DE MEDIO AMBIENTE  
Y MEDIO RURAL Y MA

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO	CONFEDERACION HIDROGRAFICA DEL MIÑO-SIL
REGISTRO DE SALIDA	OFICINA SERVICIOS CENTRALES
22/11/2011	11:44:01

S061201100007174

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA  
DO MIÑO-SIL

PRESIDENCIA

S/REF.  
N/REF. Resposta Alegación Plan  
DATA 09 de novembro de 2011  
ASUNTO ALEGACIÓN AO PROXECTO DE  
PLAN HIDROLÓXICO MIÑO-SIL 2010-2015

Ilmo. Sr. D. Francisco Rodríguez Fernández  
Alcalde  
Concello de Ourense  
Praza San Martiño 2-2º  
32005 Ourense

En primeiro lugar, desexo trasladarlle o noso agradecemento pola presentación da súa alegación ao proxecto de Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

As máis de 600 observacións presentadas durante o período de consulta pública do proceso de planificación hidrolólica son unha boa mostra da participación activa de todos os interesados para contribuír a promover, dende a responsabilidade compartida, unha xestión sostible, equilibrada e equitativa dos recursos hídricos das concas dos ríos Miño, Sil e Limia.

Unha vez analizada a súa alegación, e de conformidade co disposto tanto na Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, como na lexislación que a desenvolve, procédese a responder de forma motivada a cada unha das observacións presentadas

## OBSERVACIÓN N° 01

### ***Síntese da Observación***

Solicítase inclúanse os perímetros de protección de todas as augas mineiromedicinais que afloran no termo municipal de Ourense e un maior control sobre as captacións realizadas tanto na área de protección coma nas proximidades.

### ***Resposta Motivada***

En relación á solicitude de inclusión no Plan Hidrolóxico de perímetros de protección das augas termais que nacen no termo municipal do Concello de Ourense, esta Confederación Hidrográfica incluíu no anexo IV Plan un listado de zonas de protección de

CORREO ELECTRÓNICO:  
[presidencia@chminosil.es](mailto:presidencia@chminosil.es)

CURROS ENRÍQUEZ, 4-2º  
32003 OURENSE  
TEL.: 988 399 403



augas minerais e termais na Demarcación, seguindo as indicacións da Directiva Marco de Auga, e acorde á información subministrada pola Xunta de Galicia. A regulación do réxime de declaración, aproveitamento e protección das augas minerais, termais, e de manancial cuxo lugar de nacemento ou alumbeamento estea situado dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia e a regulación dos establecementos balnearios dentro do ámbito territorial da Comunidade, son competencia da Administración Autonómica (Xunta de Galicia). Por iso non é competencia desta Confederación, nin obxecto do Plan Hidrolóxico, a definición de perímetros de augas termais; estando condicionado ao definido pola Xunta de Galicia. É por iso que, atendendo á solicitude, a Confederación levará a cabo unha petición á Xunta de Galicia para verificar e actualizar os perímetros de protección das augas termais, considerados no Anexo IV do Plan Hidrolóxico, que pertencen á Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

En canto a un maior control sobre as captacións realizadas tanto na área de protección coma nas proximidades das zonas termais terase en conta no estudo de novas concesións.

## **OBSERVACIÓN N° 02**

### **Síntese da Observación**

Requírese a Regulación dos desencoros realizados pola presa de Velle e a posta en coñecemento das normas de explotación, o protocolo previsto para explotación en situación extraordinaria. En virtude do apartado 3 do artigo 20, solicítanse limitacións nas normas de explotación. E por último requírese que a empresa concesionaria obrigue a informar, con antelación abondo, as previsións de xestión relativas a calquera solta de caudais para que se tomen medidas para minimizar impactos.

### **Resposta Motivada**

Con respecto ás limitacións de caudal e normas de explotación da presa de Velle, como ben se di na alegación, no Anexo 6.2 do borrador do Real Decreto polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, incluíronse os caudais máximos, que son aqueles caudais que non deben ser superados durante a operación e xestión ordinaria das infraestruturas hidráulicas, tanto para o Encoro de Velle, motivo desta alegación, coma para o resto de masas de auga da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil. No Anexo 6.3 da devandita normativa recóllese as taxas de cambio (máxima diferenza de caudal entre dous valores sucesivos dunha serie hidrolóxica por unidade de tempo, tanto para as condicións de ascenso coma de



descenso de caudal) tanto para o Encoro de Velle, motivo desta alegación, coma para o resto de masas de auga da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

É importante considerar que en moitos casos existen concesións antigas que non contemplaban nas cláusulas concesionais moitas destas esixencias, por iso a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil está traballando intensamente intentando chegar a acordos coas empresas explotadoras dos encoros. Debido a isto e ao actual proceso de concertación de caudais que se esta levando a cabo cos actores afectados, estes dous anexos inclúense a título informativo e como moito antes do 1 de xaneiro de 2016 determinaranse os caudais máximos e taxas de cambio a implantar.

En canto á posta en coñecemento das normas de explotación, o protocolo previsto para explotación en situación extraordinaria por parte da empresa explotadora inclúe deber de informar, con antelación abondo, as previsións de xestión relativas a calquera solta de caudais para que se tomen medidas para minimizar impactos.

## **OBSERVACIÓN N° 03**

### ***Síntese da Observación***

Revisión da asignación da demanda á cidade de Ourense en función da solicitud "Modificación de características (ampliación de caudal a 510 l/s) das concesións de aproveitamento de augas para os ríos Miño e Lonia no termo municipal de Ourense"

### ***Resposta Motivada***

En vista da alegación realizada, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil considera axeitado aumentar a dotación en Ourense.

## **OBSERVACIÓN N° 04**

### ***Síntese da Observación***

Aínda que non se formula como observación, no texto remitido coméntase a falta de información nos documentos do Plan sobre Usos recreativos, normativa más detallada das actividades relativas a navegación, listado de zonas aptas para actividades de navegación.

### ***Resposta Motivada***

Con respecto á navegación, a Confederación Hidrográfica do Miño Sil presentou o 10 de Xuño de 2010 unha Resolución pola que se aproba o modelo normalizado de declaración



responsable para os efectos da navegación nas bacías da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, esta axústase tanto ás determinacións da Lei de Augas e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico para os usos do demanio a que se refire, como ao previsto nas Leis 17/2009 e 25/2009

Conforme ao exposto, a súa alegación foi resolta nos termos transcritibidos. Así mesmo, segundo o disposto no Artigo 74.3 do Real Decreto 907/2007 elaborarase un documento de síntese sobre todas as alegacións recibidas no que se xustificará como foron tomadas en consideración e cuxas conclusións serán integradas na redacción final do Plan.

Por último, co obxecto de garantir a todos os interesados os dereitos de acceso á información ambiental, infórmolle que tanto a súa alegación como a resposta motivada estará accesible na páxina electrónica desta Confederación Hidrográfica, xunto con toda a documentación relativa ao Plan Hidrolóxico 2010-2015.

Reiterando o noso agradecemento pola súa importante colaboración, saúdalo atentamente,



Francisco F. Fernández Liñares  
Presidente